



NORMAS DE FUNCIONAMENTO PARA OS CLUBS DE LECTURA

As seguintes normas básicas establécense para o bo funcionamento dos Clubs de Lectura. A participación nun dos clubs da Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal implica a aceptación destas normas por parte dos seus integrantes.

- ✓ **Condições de acceso ao club.** Para poder pertencer a un club e retirar os libros en préstamo, é necesario ter o carné de lector ou lectora de biblioteca.
- ✓ **Devolución dos libros.** Os libros devolveranse no prazo máximo dunha semana despois da data en que a coordinadora dea por rematada a lectura ou cando a biblioteca así o indique. A non devolución dentro deste prazo suporá a expulsión automática do club. A razón desta norma é que todos os exemplares teñen que ser solicitados a outras bibliotecas que, á súa vez reciben peticións desde outros centros. Se un dos integrantes dos nosos clubs se atrasa na devolución do exemplar que ten asignado está producindo, á súa vez, un atraso no envío de todo o lote ao centro de orixe. Estas demoras poden ser motivo de expulsión da Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal da Rede de libros de Clubs de lectura tendo consecuencias moi negativas para todos os nosos clubs.
- ✓ **Cambio de libro.** Lembramos aos usuarios que o mostrador de Información pecha ás 21.00 h, polo que recomendamos que o cambio de libro se realice antes do inicio da sesión.
- ✓ **Sancións:** Os membros dos clubs que estean sancionados poden continuar participando no club pero non poderán recoller ningún libro do mesmo mentres dure a sanción.
- ✓ **Faltas de asistencia.** O control realizarase en cada sesión mediante unha folla na que as persoas asistentes deben asinar. A finalidade deste control é que, se algún membro do club falta de forma reiterada, outras persoas que estean na listaxe de agarda poidan formar parte do club no seu lugar. Hai que ter en conta que a demanda é moi alta, polo que desexamos que o maior número de usuarios e usuarias poida aproveitar esta oportunidade.
 - Faltas non xustificadas: O número máximo será de 3. En caso de superar esta cifra, a praza pasará automaticamente á primeira persoa da lista de agarda.
 - Faltas xustificadas: Só se permitirán as faltas por motivos de saúde. Non se contabilizarán sempre que estean xustificadas mediante un documento acreditativo (parte de baixa ou informe médico).
- ✓ **Baixa do Club.** Cando unha usuaria ou usuario desexe solicitar a baixa do club, é necesario que o transmita directamente ao coordinador/a (non á Biblioteca). Será o coordinador/a quen llo comunique á Biblioteca, que, con esta información, xestionará a súa substitución por outra persoa que estea na listaxe de agarda. A Biblioteca non permitirá que as persoas participantes nos clubs se acollan a unha baixa temporal.
- ✓ **Funcionamento interno durante as sesións.** Calquera falta de respecto dirixida a outros integrantes ou aos coordinadores será motivo de expulsión. Así mesmo, a falta de interese reiterada será obxecto de apercibimento podendo chegar á expulsión nos casos máis graves nos que se obstaculice o bo funcionamento do club ou nos que se produza un desaproveitamento dos servizos e recursos que ofrece a biblioteca para esta actividade.
- ✓ **Adquisicións de libros.** Debido á longa historia dalgúns clubs nos que xa se leron moitos títulos, á escaseza de recursos económicos e a que nalgúns ocasións os libros dispoñibles non son do gusto das persoas integrantes, abrimos a posibilidade de que para algunhas lecturas sexan os propios membros dos clubs os que adquiran os exemplares dos títulos. Noutros casos pode ser necesario que por causa desta escaseza de exemplares estes teñan que ser compartidos entre os membros do club por medio dun sistema de rotación.
- ✓ **Sesións extraoficiais.** Os membros dos clubs e os coordinadores ou coordinadoras poden acordar manter sesións extraoficiais fóra das ofertadas pola Biblioteca. Os integrantes tamén se poden reunir sen coordinadora, pero neste caso o grupo terá que nomear un interlocutor coa Biblioteca para xestionar as reservas de salas (a provisión de libros correrá a cargo de cada un dos membros). Este interlocutor deberá facilitar os seus datos de contacto á Biblioteca. En ambos casos, a Biblioteca non se responsabiliza de nada relativo a estas sesións, agás a reserva das salas.